

## A atención do Director Xeral de Estructuras e Infraestructuras Agrarias

En Ourense, a 2 de xullo de 2008

**ASUNTO:** Alegación acerca do estudo de impacto ambiental da concentración parcelaria para a Zona de A Graña (Xunqueira de Ambía-Ourense)

Xose Dorrió,  
Xunqueira de Ambía (Ourense), en calidade de Responsabel Local do BNG de Xunqueira de Ambía e unha vez visto o citado estudo de impacto ambiental na Consellaría de Medio Rural de Ourense poñoos en coñecemento do seguinte:

A concentración parcelaria prevista para a Zona de A Graña abarca unha importante área catalogada no PXOM de Xunqueira de Ambía con nivel A, Protección Especial Paisaxística (P.E.P.), polo cal non pode ser obxecto de concentración parcelaria. Esta área ademais está sendo vítima da tala indiscriminada de árbores -unhas veces con permiso da súa consellería, outras sin el- dende que a Consellería de Medio Rural anunciou a concentración parcelaria na zona e iniciou as medicións e catalogalización das terras.

Adxúntase documentación acreditativa (planos do PXOM de Xunqueira de Ambía).

**Solicitolle:** que polos motivos expostos poñan fin ó proxecto de concentración parcelaria de A Graña en Xunqueira co gallo de evitar unha catástrofe ecolóxica como as xa producidas anteriormente no Comunal e touzas de Casasoá e na Devesa de Vilariño de Veiga, ámbalas dúas coa mesma protección (P.E.P.) que as Veigas de A Graña trala concentración parcelaria Bustelo-Casasoá. Iso si, desta vez, tal protección aparece recollida no PXOM de Xunqueira de Ambía de 2005, do cal esta Consellaría fixo uso, ignorando, nembargantes, o catálogo de Bens Naturais e Paisaxísticos do Concello de Xunqueira de Ambía.

Solicítolle o mesmo tempo que informen os veciños e propietarios da zona protexida que esa área non pode ser froito de concentración parcelaria co propósito de por fin a deforestación das Veigas de A Graña.

Por último, prégolles que invirtan o diñeiro destinado a concentración parcelaria nesta área nas medidas recomendadas polo PXOM de Xunqueira de Ambía: promovela diversidade de fauna e flora, restauralos rexímenes hídricos naturais e promovelas funcións recreativas da paisaxe.

Sen máis e en espera da boa acollida desta reclamación, saúdaos atentamente:

Xose Dorrió

Responsabel Local do BNG  
en Xunqueira de Ambía

